

NÚMERO:

PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONSTITUCIÓN E FUNCIONAMENTO DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN CON CARÁCTER TEMPORAL DE PERSOAL LABORAL, CATEGORÍA TRACTORISTA/PALISTA

1.- A Constitución Española de 1978 componse de:

- a) **Un preámbulo, 169 artigos repartidos en un título preliminar e dez títulos numerados, catro disposicións adicionais, nove transitorias, unha derogatoria e unha final.**
- b) Un preámbulo, 169 artigos repartidos en un título preliminar e quince títulos numerados, seis disposicións adicionais, dez transitorias, unha derogatoria y unha final.
- c) Un preámbulo, 189 artigos repartidos en un título preliminar e dez títulos numerados, catro disposicións adicionais, nove transitorias, unha derogatoria e unha final.
- d) Ningunha das anteriores é correcta

2.- ¿Que título da Constitución está dedicado á regulación da Organización territorial do Estado?

- a) O título I
- b) O título V
- c) O Título VIII**
- d) O Título IX

3.- Os/as concelleiros/as serán elexidos:

- a) Pola Xunta de Goberno Local
- b) Polo alcalde
- c) Polo Pleno
- d) Polos veciños do municipio**

4.- Que norma aproba un Estatuto de autonomía?

- a) Unha lei ordinaria
- b) Un Real Decreto
- c) Unha lei orgánica**
- d) Un decreto lei

5.- ¿De que data é o Estatuto de Autonomía de Galicia?

- a) 6 de maio de 1981
- b) 6 de xuño de 1981
- c) 6 de abril de 1981**
- d) Ningunha das anteriores é correcta

6.- ¿Como se estrutura o Estatuto de Autonomía de Galicia?

- a) 7 títulos, 66 artigos, 2 disposicións adicionais, 2 transitorias e 1 final
- b) 6 títulos, 66 artigos, 4 disposicións adicionais, 2 transitorias e 1 final
- c) 6 títulos, 57 artigos, 4 disposicións adicionais e 7 transitorias**
- d) 6 títulos, 57 artigos, 4 disposicións adicionais, 7 transitorias e 1 final

7.- De acordo co artigo 1 do Estatuto de Autonomía de Galicia:

- a) Os poderes da Comunidade Autónoma de Galicia emanan da Constitución, do Estatuto de Autonomía e do pobo.**
- b) Os poderes da Comunidade Autónoma de Galicia emanan da Constitución, do Estatuto de Autonomía e do Parlamento de Galicia.
- c) Os poderes da Comunidade Autónoma de Galicia emanan da Constitución, do Estatuto de Autonomía, do Parlamento de Galicia e dos Tribunais.
- d) Ningunha das anteriores é correcta

8.- A poboación dun municipio é:

- a) O conxunto de persoas que sexan propietarias dunha vivenda en dito municipio
- b) O conxunto de tódalas persoas que viven nel
- c) O conxunto de persoas inscritas no Padrón municipal**
- d) As respostas a) e b) son correctas

9.- A entidade local básica na organización territorial do Estado é:

- a) **O municipio.**
- b) A provincia.
- c) A Comunidade Autónoma.
- d) O municipio, a provincia e as illas nos archipiélagos balear e canario.

10.- A alteración de límites municipais:

- a) Pode alterar os límites provinciais.
- b) **Non pode supoñer en ningún caso a alteración de límites provinciais.**
- c) Pode alterar os límites das Comunidades Autónomas.
- d) As respostas a) e c) son correctas.

11.- O alcalde, os tenentes de alcalde e o Pleno existen:

- a) Nos concellos de máis de 500 habitantes
- b) Nos concellos de máis de 5.000 habitantes
- c) **En tódolos concellos**
- d) Ningunha das anteriores é correcta

12.- ¿Quen é o Presidente da Corporación municipal?

- a) O primeiro tenente de alcalde
- b) O portavoz do grupo municipal que governe
- c) **O alcalde**
- d) Ningunha das anteriores é correcta

13.- A Xunta de Gobierno Local intégrase:

- a) Polo alcalde e os tenentes de alcalde, dando conta do seu nomeamento ao Pleno
- b) Polo alcalde, os tenentes de alcalde, persoal de Intervención municipal e do departamento de urbanismo
- c) **Polo alcalde e un número de concelleiros/as non superior ao tercio do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente polo alcalde, dando conta ao Pleno**
- d) Ningunha das anteriores é correcta

14.- Segundo o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases do Réxime Local Español, o Alcalde ostenta, entre outras, as seguintes atribucións:

- a) Desempeñar a xefatura superior de todo o persoal.
- b) O desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado.
- c) As aprobacións dos instrumentos de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- d) Todas as anteriores son correctas.**

15.- Nun municipio ten recoñecida potestade normativa:

- a) O alcalde
- b) A Xunta de Goberno Local
- c) O Pleno**
- d) A comisión informativa de Administración

16.- É un dereito recoñecido na Lei de procedemento administrativo común :

- a) A ser tratados con respecto e deferencia polas autoridades e empregados públicos, que terán que facilitarlles o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.
- b) A esixir as responsabilidades das Administracións Públicas e autoridades, cando así corresponda legalmente.
- c) Á protección de datos de carácter persoal, e en particular á seguridade e confidencialidade dos datos que figuren nos ficheiros, sistemas e aplicacións das Administracións Públicas.
- d) Tódalas anteriores son correctas.**

17.- Considéranse interesados no procedemento administrativo:

- a) Os que o promovan como titulares de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos.
- b) Os que, sen ter iniciado o procedemento, teñan dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que no mesmo se adopte.

c) Aqueles cuxos intereses lexítimos, individuais ou colectivos, poidan resultar afectados pola resolución e se persoen no procedemento en tanto non recaera resolución definitiva.

d) Tódalas anteriores son correctas

18.- ¿Quen pode actuar en representación doutra persoa ante as administracións públicas?

a) Un familiar directo

b) Un letrado

c) Calquera persoa con capacidade de obrar

d) Ningunha das anteriores é correcta

19.- De acordo co Convenio colectivo do Concello de Teo,

a) só o persoal funcionario do Concello de Teo ten dereito a sindicarse libremente en defensa e promoción dos seus intereses profesionais, económicos e sociais.

b) só o persoal laboral do Concello de Teo ten dereito a sindicarse libremente en defensa e promoción dos seus intereses profesionais, económicos e sociais.

c) o persoal do Concello de Teo ten dereito a sindicarse libremente en defensa e promoción dos seus intereses profesionais, económicos e sociais.

d) Ningunha das anteriores é correcta

20.- Na sección 6ª (Do dereito de folga) do Convenio colectivo do Concello de Teo, dise que:

a) Só o persoal funcionario municipal poderá exercer o dereito de folga nos termos recollidos na lexislación vixente

b) O persoal laboral non poderá exercer o dereito de folga

c) O persoal laboral municipal poderá exercer o dereito de folga nos termos recollidos na lexislación vixente

d) Ningunha das anteriores é correcta

21.- A Lei de Prevención de riscos laborais establece que:

a) Os traballadores teñen dereito a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo.

- b) Só os traballadores fixos teñen dereito a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo
- c) Só os traballadores indefinidos teñen dereito a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo.
- d) Ningunha das anteriores é correcta

22.- De acordo co artigo 63 da Lei de prevención de riscos laborais,

a) O empresario garantirá aos traballadores ao seu servizo a vixilancia periódica do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes ao traballo.

- b) O empresario obrigará aos traballadores ao seu servizo a vixilancia periódica do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes ao traballo.
- c) Os traballadores pedirán individualmente ao empresario a realización dun recoñecemento médico cada dous anos.
- d) Ningunha das anteriores é correcta

23.- A carga transportada nun vehículo non poderá :

- a) Arrastrar, caer total ou parcialmente ou desprazarse de maneira perigosa.
- b) Comprometer a estabilidade do vehículo
- c) As dúas respostas anteriores son correctas**
- d) Só a resposta “b” é correcta

24.- ¿Como se sinalizará que a carga dun vehículo se atope caída sobre a calzada?

- a) Se a calzada é de sentido único, colocarase un dispositivo de presinalización de perigo (V-16) por diante e outro por detrás da carga, como mínimo a 50 metros de distancia e en forma tal que sexan visibles desde 100 metros, polo menos, polos condutores que se aproximen
- b) Se a calzada é de máis de tres carrís para o mesmo sentido, colocarase un dispositivo de presinalización de perigo (V-16) por diante e outro por detrás da carga, como mínimo a 50 metros de distancia e en forma tal que sexan visibles desde 100 metros, polo menos, polos condutores que se aproximen

c) **Se a calzada é de dous carrís e de dobre sentido, colocarse un dispositivo de presinalización de perigo (V-16) por diante e outro por detrás da carga, como mínimo a 50 metros de distancia e en forma tal que sexan visibles desde 100 metros, polo menos, polos condutores que se aproximen**

d) Se a calzada é de dous carrís e de dobre sentido, colocarse un dispositivo de presinalización de perigo (V-16), situado como mínimo a 50 metros antes da parte traseira da carga

25.- Os vehículos especiais agrícolas e conxunto de vehículos, tamén especiais, aínda que só teña tal natureza un dos que integran o conxunto, non deberán pasar a velocidade de :

a) 40 kilómetros por hora se levan remolque

b) 25 kilómetros por hora se levan remolque

c) A velocidade do paso humano se é un motocultor

d) Ningunha das respostas é correcta.

26.- Que indica a utilización do sinal V-2:

a) Indica a posición na vía dun vehículo especial

b) Indica a posición nas inmediacións da vía dun vehículo especial

c) Indica a actividade ou operacións de traballos dun vehículo especial na vía

d) Todas as respostas son correctas

27.- Que indica a utilización do sinal V-4:

a) Indica que o vehículo non debe circular á velocidade superior, en quilómetros por hora, á cifra que indica o sinal

b) Indica que o vehículo que leva o sinal é un vehículo de motor ou conxunto de vehículos que pola súa construción, non pode sobrepasar os 40 quilómetros por hora

c) Indica que o vehículo quedou inmovilizado na calzada ou que a súa carga está caída na mesma

d) Indica que a carga do vehículo sobresa posteriormente

28.- Nun treito de estrada, afectado por obras, a sinalización móbil de advertencia de perigo será:

a) Triangular, con bordo amarelo, fondo vermello e pictograma negro

b) Triangular, con bordo amarelo, fondo azul e pictograma en branco

c) Triangular, con bordo vermello, fondo amarelo e pictograma en negro

d) Triangular, con bordo vermello, fondo branco e pictograma amarelo.

29.- Que sinais son obrigatorios cando a zona de obras é exterior á plataforma nunha vía de dobre sentido de circulación e calzada única con dous carrís?.

a) Un sinal de obras

b) Un sinal de prohibición de adiantamento

c) Un sinal de estreitamento de calzada

d) Todas as anteriores son correctas

30.- Cal é o significado da nomenclatura do sinal V-1

a) Vehículo prioritario en servizo

b) Vehículo para obras ou servizos, tractores agrícolas, maquinas agrícolas automotrices e demais vehículos especiais en servizo

c) Vehículo lento en servizo

d) Vehículo longo en servizo

31.- Cando se pare ou estacione un vehículo de ata 3500Kg de masa máxima autorizada e o estacionamento teña lugar en un lugar cunha sensible pendente, o condutor deberá:

a) Colocar calzos obrigatoriamente

b) Colocar unha pedra ou outro elemento similar

c) Apoiar unha das rodas directrices no bordo

d) Todas as respostas son falsas

32.- Se a anchura do vehículo que conduce supera os 2,10 metros, as luces de gálibo son:

a) Son sempre obrigatorias

b) Son opcionais

c) Son obrigatorias, pero só na parte posterior

d) Non son obrigatorias, as luces de gálibo son para a altura

33.- ¿Cal é a definición correcta de motor de automoción ?:

a) O motor de automoción é a máquina que transforma unha enerxía centrípeta ou eléctrica en enerxía mecánica

b) O motor de automoción é a máquina que transforma unha enerxía cinética ou eléctrica en enerxía mecánica

c) O motor de automoción é a máquina que transforma unha enerxía física ou química en enerxía mecánica

d) O motor de automoción é a máquina que transforma unha enerxía química ou eléctrica en enerxía mecánica

34.- Unha das misións da válvula termostática ou termóstato é:

a) Manter constante a temperatura do líquido refrixerante

b) Manter constante a temperatura de funcionamento do motor

c) Manter constante a temperatura do radiador

d) Todas as respostas son correctas

35.- ¿Que tipo de enerxía utiliza un motor de combustión ?:

a) gas-oil, fuel-oil, diesel

b) gas-oil, fuel-oil, gasolina

c) gas-oil, fuel-oil, alcohol

d) gas-oil, GLP, gasolina

36.- ¿Como se mide a presión das rodas?:

a) Con un manómetro apropiado e cando as rodas estean frías

b) Con un manómetro apropiado e cando as rodas estean quentes

c) Con un barómetro apropiado e cando as rodas estean frías

d) Con un barómetro apropiado e cando as rodas estean quentes

37.- Nun tractor agrícola, de obras ou de servizos é obrigatoria a luz da placa de matrícula?:

a) Si, é obrigatoria.

b) Si, é obrigatoria para vehículos de anchura superior a 1,60 m

c) Si, é obrigatoria para vehículos de anchura superior a 2,10 m

d) Si, é obrigatoria para vehículos dunha lonxitude superior a 6 m

38.- O sistema eléctrico dun tractor:

a) Encárgase de transmitir a enerxía requirida polo motor de partida, polos sistemas de alumeado e os accesorios

b) Evita o desgaste das pezas que rozan ao circular a presión o aceite lubricante, e actúa como refrixerante do motor

c) A súa función é abastecer ao motor do combustible e aire precisos para producir a combustión no seu interior

d) Transfire a potencia desde o motor ás rodas motrices e á toma de forza do tractor.

39.- O sistema de alimentación dun tractor:

a) Evita o desgaste das pezas que rozan ao circular a presión o aceite lubricante, e actúa como refrixerante do motor

b) Encárgase de transmitir a enerxía requirida polo motor de partida, polos sistemas de alumeado e os accesorios

c) A súa función é abastecer ao motor do combustible e aire precisos para producir a combustión no seu interior

d) Transfire a potencia desde o motor ás rodas motrices e á toma de forza do tractor.

40.- ¿Cal é o sentido de xiro do rotor da rozadora de brazo para facer unha mellor limpeza?

a) É indiferente o sentido de xiro do tractor

b) No mesmo sentido que a dirección de corte do tractor

c) En sentido contrario que a dirección de corte do tractor

d) Os rotores só xiran nunha dirección

41.- Do seguinte equipamento que dispón un tractor, ¿cal é considerado un sistema de seguridade?:

a) Tiras antiescorregadizas para acceso á cabina.

b) Sinais acústicos e luminosos de marcha atrás.

c) As dúas respostas anteriores son correctas.

d) Ningunha das anteriores é correcta.

42.- ¿Que é un catadióptrico?:

a) É o dispositivo utilizado para iluminar o interior do vehículo en forma tal que non produza cegueira nin moleste indebidamente aos demais usuarios da vía

b) É o dispositivo que indica que as luces de emerxencia están activadas

c) É o dispositivo destinado a alumiar un lugar de traballo ou un proceso de traballo

d) Ningunha das respostas é correcta

43.- Que partes dos apeiros deben estar debidamente protexidas?

a) Xuntas cardáns

b) Eixes de cardánicos

c) Toma de forza

d) Todas as respostas son correctas

44.- ¿Que medida non é a correcta á hora do enganche dun apeiro?:

- a) Ter as portas e ventás abertas
- b) Non baixar do tractor mentres non se pare completamente
- c) Visualizar en todo momento á persoa que faga o enganche da máquina
- d) Ter engrenada a marcha para retificar a maniobra con rapidez**

45.- Cando a carga transportada nun vehículo teña unha lonxitude indivisible, ¿canto poderá sobresaír?:

- a) En vehículos de lonxitude igual a 5 metros: 2 metros pola parte anterior e 3 metros pola posterior
- b) En vehículos de lonxitude igual a 5 metros: un tercio da lonxitude do vehículo por cada extremo anterior e posterior**
- c) Nunca pode sobresaír
- d) Pode sobresaír o que sexa preciso para o transporte, sempre que se sinalice adecuadamente

46.- Cando na plataforma dunha vía ou nas súas proximidades existan obras fixas que poidan representar un perigo para a circulación, será necesaria a sinalización de obras con obxecto de:

- a) Informar ao usuario da presenza das obras.
- b) Ordenar a circulación na zona afectada.
- c) Modificar o seu comportamento, adaptándoo á nova situación.
- d) Todas as anteriores son correctas.**

47.- Dos seguintes tipos de sinais verticais de circulación, cales non son necesarias para sinalizar adecuadamente un tramo de obras nunha estrada?:

- a) Fin de prohibición ou restrición.
- b) De obrigación.
- c) De servizo.**
- d) De prohibición ou restrición.

48.- Para o balizamento dun carril de circulación que se pretende cortar ó tránsito de vehículos por obras, poderase utilizar:

- a) Conos.

- b) Paneis direccionais.
- c) Marcas viarias de balizamento en cor amarela.
- d) Todas as anteriores son correctas.**

49.- En base ao anexo IV do RD 1627/1997, toda maquinaria para movementos de terras deberá :

- a) Estar ben proxectada e construída, tendo en conta, na medida do posible, os principios da ergonomía.
- b) Manterse en bo estado de funcionamento.
- c) Utilizarse correctamente.
- d) Todas as anteriores son correctas.**

50.- Os condutores e persoal encargado de vehículos e maquinaria para movementos de terras deberán recibir unha formación especial,

- a) Dependendo do tipo de máquina que se trate.
- b) Só aquelas máquinas que superen os 50 cv. de potencia.
- c) Sempre.**
- d) Só cando o operario non dispoña do carné B ou B1.

PREGUNTAS DE RESERVA:

1.- Segundo o artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia,

- a) O idioma galego é o único oficial en Galicia, e todos teñen o deber de coñecelo
- b) O idioma castelán é o único oficial en Galicia, e todos teñen o deber de coñecelo
- c) Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de coñecelos e usalos**
- d) Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o deber de coñecelos e o dereito de usalos

2.- A Lei de Prevención de riscos laborais establece que:

- a) O custo das medidas relativas á seguridade e á saúde no traballo será descontado cada mes da nómina dos traballadores, nunha aportación do 10%
- b) O custo das medidas relativas á seguridade e á saúde no traballo non deberá recaer en modo algún sobre os traballadores**

- c) O custo das medidas relativas á seguridade e á saúde no traballo deberá recaer sobre os traballadores que fagan uso destas medidas
- d) Ningunha das anteriores é correcta

3.- De acordo co artigo 17 da Lei de prevención de riscos laborais,

a) O empresario deberá proporcionar aos seus traballadores equipos de protección individual adecuados para o desempeño das súas funcións e velar polo uso efectivo dos mesmos cando, pola natureza dos traballos realizados, sexan necesarios.

b) O empresario non terá obriga de proporcionar aos seus traballadores equipos de protección individual adecuados para o desempeño das súas funcións se estes non o solicitan previamente por escrito

c) As centrais sindicais deberán indicar ao empresario se ten que proporcionar aos seus traballadores equipos de protección individual adecuados para o desempeño das súas funcións

d) Ningunha das anteriores é correcta

4.- ¿Que apeiro se recomenda para rozar unha finca de monte con bastante pedra solta, e próxima a unha vía de comunicación?:

a) Rozadora de martelos tolos

b) Rodazora de cadeas

c) Rozadora de martelos fixos

d) Todas as respostas son correctas

5.- De acordo co artigo 38 do Convenio colectivo do Concello de Teo, son dereitos dos/as empregados/as municipais:

a) A adopción de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

b) A recibir protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo.

c) Ás vacacións, descansos, permisos e licenzas

d) Tódalas anteriores son correctas